Outra estratexia moi utilizada na materia de Xeografía e Historia é a da simulación, a través de actividades (dramatización, xogos, empatía, ...) que permiten reproducir ou representar de maneira simplificada unha situación real. As actividades baseadas na empatía axudan a comprender as intencións e motivacións dos acontecementos históricos. Xogos de simulación pódense utilizar en xeografía para tomar decisións sobre cuestións diversas como a localización de industrias, estradas, cuestións urbanísticas, ... Coa dramatización a adopción de roles e a empatía teñen un papel relevante.

A realización de proxectos implica o contacto directo co obxecto de estudo, e remata coa materialización por parte do alumnado dun traballo, unha proposta, unha exposición, ... O proxecto require traballo en equipo e multidisciplinabilidade (por exemplo,

dentro dos Plan Proxecta, imos participar en Meteoescolas, coordinado polo departamento de Bioloxía e no que participan outros departamentos).

### 5.3- EXEMPLO DE SECUENCIACIÓN DE TRABALLO NA AULA.

Exemplo: Unidade 6 de 1º da ESO: A Prehistoria.

#### **Motivación.**

Iniciamos a primeira sesión cunha choiva de ideas por parte do alumnado relacionadas coa Prehistoria. No caso de non aparecer nada específico de Galicia, o profesor estimulará as achegas do alumnado en torno a conceptos como gravados rupestres, castros, ..., de maneira que a proximidade destes conceptos á realidade cotiá do alumnado (Castrolandín, gravados rupestres de Campo Lameiro, ...) serva de estímulo e motivación para o mesmo.

A continuación, e aproveitando eses conceptos que apareceron, o profesor formula cuestións como *“para que serviron as pinturas rupestres?”* *“quen as facía?”*. Despois do debate que se xerese, o profesor aportaría un mapa da península Ibérica coa distribución dos principais xacementos de pinturas rupestres, fotografías dalgúns exemplos, ... (<http://www.prehistour.eu/04-guia.html>)

#### **Información do profesor.**

A exposición oral do profesor non durará cada sesión máis de 12-15 minutos, apoiada coa proxección de fotografías e mapas, e coa realización de esquemas. Para reforzar ou aclarar conceptos, farase a continuación exercicios de reforzo, ou de afondamento e ampliación, se é o caso, para aquel alumnado que o requira: elaboración de eixes cronolóxicos, de táboas da evolución humana, busca de información na web ([diariodeatapuerca.net](http://diariodeatapuerca.net)) de como se elaboraba un biface, ... En cada sesión, os primeiros minutos serán de explicación do profesor e o resto de traballo do alumno.

#### **Traballo persoal.**

O traballo do alumno pode ser persoal (os exemplos do apartado anterior) ou en grupos de traballo cooperativo, como pode ser a realización dunha presentación en libreOffice sobre os castros de Galicia. Para asegurarse de que todos os membros do equipo traballan, a información recollida deberá de aparecer no caderno de cada membro do equipo.

#### **Avaliación.**

Os instrumentos de avaliación que utilizará o profesor serán as actividades do caderno de clase, que quedarán cada día recollidas na ficha do profesor, a observación da exposición oral da presentación, as intervencións ao longo das sesións do alumnado, e unha proba escrita.

### 5.4- OUTRAS DECISIÓNS METODOLÓXICAS.

Cando a unidade didáctica o aconselle ou se de a posibilidade, utilizaremos espazos alternativos ao aula: a biblioteca, o museo Ferro Couselo (que se atopa no centro), a aula de informática,... mesmo espazos fora do centro.

## **6- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**

Os libros de texto só será utilizado nos cursos de 3º e 4º, xa que en 1º e 2º implantamos este curso EDIXGAL. Os libros de texto de 3º e 4º continúan a ser os da editorial Santillana.

O alumno contará ademais cun caderno de clase no que realizará todas as actividades que se manden ao longo do curso, e con follas de papel milimetrado para aquelas gráficas que o precisen (climogramas, pirámides de poboación, etc.).

A Aula Virtual vai converterse este curso nun importante recurso á hora de traballar na casa, tanto se o curso se desenvolve con normalidade como se hai confinamento ou cuarentena, tanto dun alumno individual, como dun grupo ou de todo o alumnado.

Por outra banda, hai moitas e variadas webs que dispoñen de recursos moi apropiados para a materia. Son páxinas que pertencen moitas delas a organismos e institucións oficiais (Información Xeográfica de Galicia, Agencia estatal de Meteoroloxía, Instituto Nacional de Estadística, Instituto Geográfico Nacional, Xunta de Galicia, ONU, Parlamento Europeo ...), outras privadas e de ONGs (Amnistía Internacional, Greenpeace, Médicos sin fronteras, UNICEF ...), e blogues de particulares. Por exemplo, é moi útil o blogue “biombo histórico” pola cantidade de enlaces que trae a actividades interactivas, vídeos curtos onde se explican moitos acontecementos históricos, páxinas de arte, ...

Ademais o departamento conta cunha colección de mapas murais, tanto xeográficos como históricos, aínda que tenden a ser utilizados cada vez menos ao ser substituídos polos mesmos recursos dispoñibles a través de Abalar (para 1º e 2º da ESO) e co canon e a pizarra dixital en 3º e 4º.

Unha ampla colección de DVDs con documentais sobre historia (“Memoria de España”, arte e xeografía, así como películas con contidos histórico, como “Cleopatra”, “Gladiator”, “Tiempos Modernos”, “Salvar al soldado Ryan”, ...

A prensa será outro recurso a utilizar a partir da busca de noticias relacionadas coa nosa materia, e que poden ser tanto de carácter xeográfico (referentes ao clima, cultivos, pesca, ...) como histórico (acontecementos importantes como o Brexit, a paz en Colombia, a guerra de Siria, ...). No centro recibimos todos os días o “Faro de Vigo”, pero ademais podemos contar coa prensa on line.

A biblioteca do centro dispoñe de libros e enciclopedias de historia, xeografía e arte, tanto do mundo, como de España e de Galicia. Ademais, estamos subscritos a revistas de interese xeográfico e histórico: National Geographic, Historia National Geographic e Geo.

O centro dispón dunha pequena estación meteorolóxica (con termómetro de máximas e mínimas, pluviómetro, anemómetro e barómetro), na que se recollen os datos diariamente para a elaboración de gráficas. Esta tarefa vense realizando dende fai varios anos polo noso departamento en colaboración co de Bioloxía e Xeoloxía, participando no programa “Meteoescolas”, pertencente ao Plan Proxecta.

## **7- CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.**

### 7.1- AVALIACIÓN INICIAL

Na primeira semana de clase (posiblemente ao longo de dúas sesións) farase unha proba con diferentes tipos de preguntas (de resposta pechada, de resposta aberta, relacionadas cun gráfico, cun mapa, cun texto histórico,...) coas que se pretenderá coñecer o nivel de competencias adquirido polo alumnado. A proba basearase nos estándares mínimos do curso anterior.

A través do caderno do alumno ou da súa axenda, o profesor informará ás familias dos resultados desta proba, deixando ben claro que esta proba non ten valor porcentual ningún para a nota de avaliación.

A finalidade desta proba é dobre: por unha parte o profesor obtén información do punto de partida do grupo en xeral; e por outro lado, tense constancia do alumnado que necesita algunha medida de atención á diversidade.

### 7.2- AVALIACIÓN CONTINUA.

#### 7.2.1- PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS

Ao longo de cada trimestre utilizaranse os seguintes procedementos e instrumentos de avaliación:

**Proba escrita.** Realizarase unha proba escrita por cada unidade didáctica, entre 3 e 5 por trimestre (mirar temporalización no punto 4 desta programación). As probas terán unha puntuación entre 0 e 10, e serán de carácter obrigatorio,. A estrutura destas probas tratará de axustarse sempre que sexa posible á seguinte distribución:

Conceptos, datas e/ou personaxes: 20%

Exercicio/s práctico/s (elaboración e/ou comentario de gráficas, imaxes, textos, mapas, ...): 30%

Preguntas teóricas: 50%

**Traballos individuais de clase e/ou casa.** Ao longo de cada unidade, como xa se explicou no apartado da metodoloxía, iranse facendo diferentes tipos de actividades, tanto na aula como na casa. Estas actividades realizaranse no caderno de cada alumno/a, que será revisado polo profesor cada vez que haxa tarefas, e anotará no seu caderno as incidencias que sexan necesarias ter en conta (realización de toda a tarefa, dunha parte da mesma ou non realización da tarefa). Ao final do trimestre, o profesor revisará o caderno para comprobar o estado de orde e presentación en que se atopa.

**Traballo cooperativo en grupo.** Aínda que pensamos que este tipo de traballo é moi necesario e beneficioso, xa que por unha parte fomenta as boas relacións entre o alumnado e por outra é unha ferramenta máis de aprendizaxe para o alumnado, as circunstancias especiais de este curso xa comentadas aconsellan non realizar este tipo de tarefas.

**Traballo de investigación e lecturas.** En cada avaliación, o alumnado deberá facer traballos individuais de investigación ou unha lectura dun libro. Os traballos serán os seguintes:

CURSO	AVALIACIÓN	TRABALLO	DATA ENTREGA
1º ESO	1ª	Guía de viaxe (anexo II)	30/11/20
	2ª	Guía dun xacemento arqueolóxico (anexo III)	15/3/21
	3ª	Libro: Tutankamón, el faraón niño. Ana Bernal Triviño	31/5/21
2º ESO	1ª	Guía de viaxe (anexo II)	30/11/20
	2ª	Castelos e mosteiros galegos	15/3/21

	3ª	Libro: Juana de Arco, la doncella. Cristina Hernando Polo	31/5/21
3º ESO	1ª	“Guía de viaxe” (anexo II)	30/11/20
	2ª	Arte barroca en Galicia	15/3/21
	3ª	Miguel Angel, el artista divino. Ana Bernal Triviño	31/5/21
4º ESO	1ª	“Guía de viaxe” (anexo II)	30/11/20
	2ª	“Arte contemporánea”	15/3/21
	3ª	Van Gogh, el mago del color. Rafael Ortega de la Cruz	31/5/21

En todos os casos, o traballo deberá presentarse en formato powerpoint ou LibreOffice, e será exposto polo propio alumno na aula, nun tempo entre 3 e 5 minutos.

Á hora de avaliar estes traballos valorarase: a organización da información, a claridade da exposición,...

#### 7.2.2- CRITERIOS PARA A CORRECCIÓN DE TRABALLOS E EXAMES:

O **máximo a descontar** nun traballo ou exame é de **2 puntos**

ASPECTOS A VALORAR	PENALIZACIÓN
Todos os traballos deben entregarse en folio branco e escritos con bolígrafo (nunca con lapis).	0.1
Deben respectarse as marxes esquerda e dereita	0.1
Os distintos parágrafos marcaranse ben mediante sangría na primeira liña, ben mediante un dobre espazo.	0.05
Os textos deben incluír no comezo o título ou enunciado da actividade	0.1
Ortografía, incluído o uso adecuado das maiúsculas	0.05 cada 2 erros
Puntuación e división en parágrafos.	0,1
Uso de mecanismos de substitución co fin de evitar a excesiva repetición de palabras.	0,1
Utilización de conectores variados.	0,1
Cuestións de morfosintaxe: concordancia, verbos, orde dos elementos da oración, etc.	0.05 cada 2 erros

#### 7.2.3- CONTRIBUCIÓN DE CADA INSTRUMENTO Á NOTA DE AVALIACIÓN.

Para obter a nota da avaliación, establecemos todos estes instrumentos en tres grupos coa seguinte porcentaxe:

Proba escrita: 70%

Traballos, tanto individuais como en grupo, na aula ou na casa: 15%

Libro de lectura ou traballo de investigación: 15%

#### 7.2.4- MECANISMOS DE RECUPERACIÓN.

Ao inicio do segundo e terceiro trimestre e ao rematar a terceira avaliación procederáse a realizar unha proba escrita de recuperación da avaliación primeira, segunda e terceira, respectivamente.

Nestas probas, o alumnado só terá que examinarse de aqueles temas cuxos exames suspendera ao longo da avaliación, é dicir, que se na avaliación houbo por exemplo 4 exames e aprobou dous e suspendeu outros dous, o alumno examínase dos dous temas suspensos.

### 7.3- AVALIACIÓN FINAL.

A nota da avaliación final será a media da nota das tres avaliacións.

Os alumnos que non recuperaran todas as avaliacións, terán que facer unha proba escrita de recuperación de aqueles temas que tiveran suspendidos en cada avaliación. Esta proba será na última semana lectiva de xuño de 2021 (a data será fixada en coordinación co resto do profesorado do grupo a través do titor/a).

### 7.4- AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA.

Ao inicio de setembro, en día e hora fixada por xefatura de estudos, realizarase a proba extraordinaria para aquel alumnado que non superara toda a materia no mes de xuño.

Neste caso, todo alumno que teña que acudir á proba extraordinaria de setembro terá que examinarse de toda a materia, independentemente do número de avaliacións que suspendera ao longo do curso.

A proba, valorada de 0 a 10, terá a mesma estrutura que as probas escritas que se fixeran ao longo do curso, e estará baseada nos estándares mínimos de toda a materia.

Para a nota desta avaliación só se terá en conta a nota do exame, sen ningunha outra consideración.

## 8- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

### 8.1- INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO

	Escala			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro				

### 8.2- INDICADORES DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE

	Escala			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.				
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				

17. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				
--	--	--	--	--

## **9- ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.**

Elabórese un plan de actividades de recuperación e reforzo destinado aos 5 alumnos con materias de cursos anteriores sen aprobar (dous en 2º e 3º e un en 4º). Os contidos do programa de recuperación (baseados nos mínimos) entréganse aos alumnos afectados, xunto con unha serie de normas destinadas a optimizar o seu traballo. Así mesmo programáronse traballos e actividades de reforzo para realizar o alumno fóra do tempo lectivo.

O traballo de cada trimestre organízase da seguinte maneira:

O profesor subirá á aula virtual do centro unha serie de actividades (tarefas) con data límite de entrega. O alumnado irá realizando ditas tarefas e entregándoas a través da aula virtual.

Para aprobar é necesario ter entregadas as actividades dentro de prazo e correctamente realizadas.

Se algún alumno non aproba, na segunda quincena de maio, en data consensuada coa xefatura de estudos, realizará un exame coa materia do curso. Se aínda así non aproba, en setembro hai outra oportunidade coa mesma materia.

Tanto a proba de maio como a de setembro, con puntuacións de 0 a 10, terán a mesma estrutura que se comentou para as probas escritas, e estarán baseadas nos estándares mínimos.

O profesor responsable de levar a cabo o seguimento deste alumnado será o xefe do departamento.

## **10- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**

### **10.1- MEDIDAS ORDINARIAS.**

Como xa se comentou ao falar da avaliación inicial, aquel alumnado ao que se lle detecte algún tipo de dificultade será obxecto dunha atención máis personalizada, coa toma de medidas educativas como:

- Implicalo promovendo a súa participación con preguntas sinxelas.
- Incluír actividades nas que poida ter éxito, segmentando en fases as máis difíciles e negociando un tempo para rematar cada unha.
- Exames escritos con preguntas curtas, cerradas, claras e con vocabulario sinxelo.
- Utilizar reforzos positivos para motivar
- En actividades individuais, sentado cerca da mesa do profesor.
- Adaptar o material de traballo cando se trate de textos, gráficos, etc. para que non lle resulte incomprendible.
- E outras ...

Neste sentido hai que lembrar que contamos con alumnado que necesita que adoptemos medidas individuais por diferentes motivos: deficiencia visual, incapacidade física e TDAH

### **10.3- MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.**

Hai varios alumnos en 1º ESO que veñen coa materia de ciencias sociais de 6º de EP suspensa, polo que haberá que estar atento ás súas evolucións por se fixera falta algún tipo de medida.

## **11- TEMAS TRANSVERSAIS.**

Deberase ter en conta o traballo de todos os elementos transversais do currículo cando cumpra. Neste sentido, merecen unha mención especial a educación cívica, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, e o traballo con tecnoloxías da información e da comunicación. A materia de Xeografía e Historia é un vehículo adecuado para animar ao emprendemento. Ademais, o desenvolvemento sustentable e o medio, os riscos de explotación e o abuso e maltrato son ineludibles .

Nas táboas do punto 4 desta programación aparece a relación dos elementos transversais cos estándares.

Ademais, como ven sendo habitual no centro nos últimos anos, hai un eixo vertebrador para todos os departamentos e todas as etapas educativas para ter en conta á hora de planificar as actividades extraescolares ou outras tarefas. Este curso ese tema transversal común é “A arte na escola”. É un tema moi relacionado coa nosa materia, e polo tanto trataremos de darlle contido dende o departamento.

## 12- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

ACTIVIDADE, SAÍDA	DATA PREVISTA	DESTINO	CURSO
Visita a Castrolandín	Todo o curso	Cuntis	1º e 2º ESO
Visita ao Arquivo Municipal de Cuntis e/ou outros arquivos con contidos de fontes históricas.	2º-3º trimestre	Cuntis	ESO
Visita a exposicións e/ou outra actividade organizadas polas institucións no municipio)	Todo o curso	Cuntis	ESO
Charlas sobre temas de actualidade: o pobo saharauí, a crise do covid19, ...	Todo o curso	Cuntis	ESO

### 13- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

A autoavaliación é unha das estratexias máis útiles para mellorar a calidade do proceso de ensino aprendizaxe. O noso cometido é o de presentar unha programación que sexa eficaz para a práctica pedagóxica, un instrumento que dea resposta e desenvolva as finalidades educativas marcadas para un curso, polo que nos esiximos a previsión de mecanismos de reformulación no caso de que o avance do noso alumnado non xustifique unha avaliación positiva na consecución dos obxectivos.

A programación será avaliada mediante diferentes mecanismos:

- Enquisas ao alumnado.
- Reflexión do propio profesorado do departamento tras analizar os resultados académicos obtidos polos rapazada.

Os principais aspectos que se deberán valorar serán:

- A contribución da programación ao logro das competencias básicas.
- A adecuación dos obxectivos e do nivel esixido a cada curso académico.
- A distribución de contidos nas distintas avaliacións e os tempos dedicados a cada competencia comunicativa.
- A adecuación da metodoloxía e materiais didácticos.
- A contribución das actividades complementarias e extraescolares á consecución dos obxectivos.

A periodicidade coa que se revisará a programación será ao final de cada avaliación coa finalidade de poder corrixir e/ou modificar erros, temporalización, mecanismos, metodoloxía ou outros aspectos, de maneira que non se repitan nos meses seguinte. Esta revisión levarase a cabo nas reunións de departamento e tras analizar os resultados e o proceso, poderanse engadir ou eliminar contidos con respecto á programación inicial.

Ademais, e se é o caso, adoptaranse diferentes medidas que serán recollidas nas actas do departamento.

Para que todo este proceso de avaliación será factible e viable, establecemos unha serie de indicadores que serán completados ao final de cada trimestre entre todo o profesorado do departamento.

#### 13.1- INDICADORES PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

	1	2	3	4
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.				
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.				
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
12. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).				
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				

14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				
15. Adecuación do procedemento de acreditación de coñecementos previos				
16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				
17. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.				
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.				
19. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.				
20. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.				
21. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes.				
22. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
23. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.				
24. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
25. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
27. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
28. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
29. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
30. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				

## ANEXO I- A OBSERVACIÓN COMO INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN: EXEMPLOS.

### PRIMEIRO DA ESO

#### UNIDADE 1

<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>Procedementos e instrumentos</b>
Interpreta como inflúen os movementos astronómicos na distribución da radiación solar e nas zonas bioclimáticas do planeta.	PROCEDEMENTOS: Observación INSTRUMENTOS: Traballo de clase

Con axuda dun globo terráqueo e unha lanterna, o alumnado explicará como segundo a posición na que se atope a Terra, as radiacións solares inciden de diferente maneira, con distinto grao angular, sobre as zonas ecuatoriais, temperadas e polares. É importante que ao mover o globo arredor do foco de luz, non se xire tamén o eixe terrestre. Isto axuda ao alumnado a comprender a existencia de diferentes zonas climáticas no planeta

#### UNIDADES 2, 3, 4 e 5

<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>Procedementos e instrumentos</b>
Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles.	PROCEDEMENTOS: Observación INSTRUMENTOS: Traballo co ordenador

O alumnado disporá dunha listaxe das web dos medios de comunicación autonómicos e nacionais, e terá que facer unha procura de noticias relacionadas co aspecto concreto que o profesor indicara (por exemplo, a contaminación nos ríos galegos). Cada alumno/a abrirá un cartafol no que irá gardando as capturas de pantalla destas noticias cun breve comentario sobre a mesma.

#### UNIDADES 6, 7, 8, 9, 10

<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>Procedementos e instrumentos</b>
Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.	PROCEDEMENTOS: Observación INSTRUMENTOS: Preguntas abertas

Tanto nos traballos e tarefas escritas como nas intervencións orais que se realizan ao longo destas unidades, o alumnado debe empregar (coñecendo o seu significado) termos propios do período que estamos a traballar, como por exemplo gravado rupestre, menhir, hieratismo, período arcaico, romanización, ...

#### UNIDADES 8

<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>Procedementos e instrumentos</b>
Compara dous relatos a distintas escalas temporais sobre as conquistas de Alexandre.	PROCEDEMENTOS: Observación INSTRUMENTOS: Análise de textos

Partimos da lectura de fragmentos destes dous textos, en concreto aqueles que narran a batalla con Darío:

Plutarco: Vidas paralelas, Alejandro:

[http://www.imperivm.org/cont/textos/txt/plutarco\\_vidas-paralelas-tv-alejandro.html](http://www.imperivm.org/cont/textos/txt/plutarco_vidas-paralelas-tv-alejandro.html)

National Geographic: Alejandro Magno y la conquista del nuevo mundo

[http://www.nationalgeographic.com.es/historia/grandes-reportajes/alejandro-magno-y-la-conquista-del-nuevo-mundo\\_7634](http://www.nationalgeographic.com.es/historia/grandes-reportajes/alejandro-magno-y-la-conquista-del-nuevo-mundo_7634)

Trátase de comparar non o estilo, senón o grao de verosimilitude do relatado. O alumnado aprende a utilizar as fontes históricas con rigor crítico

<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>Procedementos e instrumentos</b>
Identifica trazos da organización socio-política e económica das polis gregas a partir de fontes históricas de diferentes tipos	PROCEDEMENTOS: Observación INSTRUMENTOS: Análise de textos

Lectura de fragmentos de la obra de Heródoto, Os nove libros da Historia, en concreto do volume VI, para coñecer aspectos da organización da polis.

[https://es.wikisource.org/wiki/Los\\_nueve\\_libros\\_de\\_la\\_Historia:\\_Libro\\_VI](https://es.wikisource.org/wiki/Los_nueve_libros_de_la_Historia:_Libro_VI)

## TERCEIRO DA ESO

### UNIDADE 3

<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>Procedementos e instrumentos</b>
Clasifica e distingue tipos de mapas e imaxes de satélite	PROCEDEMENTOS: Observación INSTRUMENTOS: análise de mapas

Ao longo do curso traballarase con diferentes tipos de mapas que o alumnado ten que identificar ao inicio da tarefa (físicos, políticos, económicos, ...), con diferentes tipos de proxeccións (Mercator, Peters, acimutal, cónica), e de presentación (coropletas, isoliñas, figuras, ...)

### UNIDADE 8, 9, 10, 11

<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>Procedementos e instrumentos</b>
Utiliza o vocabulario histórico e artístico con precisión, inxeríndoo no contexto	PROCEDEMENTOS: Observación INSTRUMENTOS: Preguntas abertas

Tanto nos traballos e tarefas escritas como nas intervencións orais que se realizan ao longo destas unidades, o alumnado debe empregar (coñecendo o seu significado) termos propios do período que estamos a traballar, como por exemplo renacemento, humanismo, barroco, guerras de relixión, valido,...

## ANEXO II- TRABALLO “GUÍA DE VIAXE”

### “GUÍA DE VIAXE”

Presentación en power-point. Data: 30 de novembro de 2018.

Avaliarase a orde e claridade da presentación. É importante que en cada diapositiva non apareza moito texto, con letra clara e grande, e a ser posible acompañado de imaxes (fotografías, mapas, gráficos,...), por exemplo, na primeira, onde debe aparecer o título e o autor do traballo, pode ir sobre fondo da bandeira do país. Pódense engadir vídeos curtos ou audios como mostra do idioma, ou algunha canción tradicional,...

MOI IMPORTANTE: NA ÚLTIMA DIAPOSITIVA DEBE APARECER A BIBLIOGRAFÍA UTILIZADA, OU AS PÁXINAS WEB DAS QUE SACAMOS A INFORMACIÓN.

GUÍA DE VIAXE: (nome do país)

#### DATOS BÁSICOS:

- Superficie (km<sup>2</sup>):
- Límites (xeográficos e/ou políticos)
- Poboación (nº de habitantes e ano do dato)
- Idiomas:

#### XEOGRAFÍA FÍSICA:

- Localización (dentro do continente)
- Relevo (características xerais e principais unidades)
- Clima
- Ríos máis importantes (lonxitude)
- Paisaxes:

#### DEMOGRAFÍA:

- Poboación
- Taxa de natalidade
- Taxa de mortalidade
- Esperanza de vida
- % de poboación xoven-adulta-anciá (pirámide de poboación)
- Cidades máis populosas

#### ECONOMÍA:

- Importancia dos sectores primario, secundario e terciario (% de traballadores en cada sector)
- Principal fonte de ingresos do país
- Situación xeral: riqueza-pobreza.

#### APUNTES HISTÓRICOS

- Moi esquemático, algúns acontecementos importantes na historia do país (do pasado e/ou da actualidade)

#### RUTA POLO PAÍS:

- Seleccionar aquelas cidades e/ou zonas naturais que tería que coñecer un turista, explicando as súas características máis destacadas
- Pódese engadir outros datos curiosos (comidas típicas, festas tradicionais, etc)

## **ANEXO III – GUÍA DUN XACEMENTO.**

### **GUÍA DUN XACEMENTO ARQUEOLÓXICO**

Data de entrega: 3 de marzo de 2019

Trátase de elaborar un power point. Avaliarase a orde e claridade da presentación. É importante que en cada diapositiva non apareza moito texto, con letra clara e grande, e a ser posible acompañado de imaxes (fotografías, mapas,...)

ÍNDICE:

1- GUÍA DO XACEMENTO DE .....

2- LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA DO XACEMENTO (importante engadir un mapa)

3- O XACEMENTO:

- De que cultura/etapa é?
- Localización xeográfica de dita cultura.
- Cronoloxía do xacemento.
- Restos conservados mais importantes.
- Contexto histórico.


4- BIBLIOGRAFÍA.

## ANEXO IV- MODELO DE PROBA DE AVALIACIÓN INICIAL PARA 3º ESO

1- Completa esta táboa: (2 puntos)

	Océanos que o bañan	Pico máis alto e cordilleira onde se atopa	Ríos principais
Asia			
América do Norte			
América do Sur			
África			
Oceanía			
Europa			

2- Observa o climograma e responde ás cuestións:(2 puntos)



1. Que representa o eixe vertical esquerdo? En que unidades se mide?
2. Que representa o eixe vertical dereito? En que unidades se mide?
3. Que representa o eixe horizontal?
4. Que representa a altura das barras?
5. Que representa a liña curva?
6. Indique o mes máis chuvioso do ano.

7. Indique o mes máis seco do ano.
8. Indique o mes máis frío do ano.
9. Indique o mes máis cálido do ano.
10. Calcule a diferenza de temperatura entre o mes máis cálido e o mes máis frío.

Como se denomina a diferenza entre a temperatura máis alta e a máis baixa dun cli

3- Cos seguintes datos, debes de ser quen de atopar, aplicando as correspondentes fórmulas, as taxas de natalidade, mortalidade e crecemento vexetativo desta poboación. Comenta os resultados indicando se se trata de valores altos, medios ou baixos e, xa que logo, situará a poboación correspondente na fase demográfica axeitada.

Poboación total: 7,9 millóns de habitantes.

Nados nun ano: 338.000.

Mortos nun ano: 156.000.

Ademais, e tendo en conta que o número de inmigrantes que recibiu a poboación é de 500 persoas e que xera unha poboación emigrante de 2.500 persoas ao ano, deberá atopar o saldo migratorio e, deseguido, calcular o crecemento real da poboación. (2 puntos)

4- Le o seguinte texto e responde as preguntas: (4 puntos)

<<Tempos, en verdade, difíciles. Tempos para escribir sobre cidades e xardíns perdidos para sempre. Todos os cronistas musulmáns así o sinalan. As terras do islam eran, cando chegou Abd Allah ao trono [rei da taifa de Granada], un campo aberto para as tropas e embaixadores de Alfonso VI, que entón vivía a atracción da Al-Andalus. O rei de Castela e León xa non só ofrecía a súa protección: impoñíaa. Quería prata, sempre prata, parias e máis parias, tributos cos que pagar os seus exércitos e manter a súa preeminencia sobre a Igrexa e os nobres. Tributos que arruinaban aos emires da Al-Andalus e aos seus pobos. Ai daquel que non pagase! Que se preparase para ver as súas terras devastadas e perdidas, pois o gran rei cristián tiña palabra, protexía aos seus clientes a fío de espada, contra cristiáns ou musulmáns, e do mesmo xeito, a fío de espada, apresurábase a meter en razón ao incauto que se atrevese a desafiarlle. [...]>>

1- Sitúa o texto no espazo e o tempo:

- De que época trata?
- A que territorio fai referencia?

2- Conceptos e personaxes:

- Que era un reino de taifa?
- Quen foi Alfonso VI?
- Que eran as parias?

3- Comprensión do texto:

- Por que fala de “cidades e xardíns perdidos para sempre”?
- Que significa “manter a súa preeminencia sobre a Igrexa e os nobres”?

4- Análise do texto:

- A que “bando” pertence o narrador? Por que o sabes?

- Con que palabra se coñece o avance cristiá sobre Al Andalus?
- Como aparece reflectido Alfonso VI?

## **ANEXO V- INCIDENCIA DA PANDEMIA NO DESENVOLVEMENTO DO CURSO.**

As circunstancias especiais deste curso obrígnanos a precisar e matizar algunhas cuestións que poden ser moi importantes no desenvolvemento do curso. Estas cuestións son as seguintes:

### **1- Unidades didácticas e temporalización:**

Debido a que o curso pasado quedaron unidades didácticas sen poder ser vistas a causa do confinamento implantado a partir do 14 de marzo, este curso vémonos obrigados a impartir ditos contidos. Así, en 2º, 3º e 4º hai que comezar con o non visto o ano pasado en 1º, 2º e 3º. Para o caso de 1º deste curso, no que habería que dar o non visto o ano pasado en 6º de EP, decidimos non facelo tendo en conta que todos eses contidos serán impartidos con maior profundidade ao longo da etapa da ESO.

### **2- Incidencia da aplicación do protocolo COVID19 na derradeira hora de cada día:**

Unha das normas establecidas nas “Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021” establece a necesidade de realizar de forma gradual a incorporación e saída do alumnado do centro. Para atender tal recomendación, no noso centro estableceuse que o alumnado transportado chega e sae do centro 15 minutos antes da hora oficial de entrada e saída. Por este motivo, as clases que son a última hora da mañá dispoñen de 15 minutos menos, o que vai repercutir no cumprimento da temporalización.

### **3- Metodoloxía:**

No punto 5 desta programación explicamos a metodoloxía a seguir. Temos que precisar que se as circunstancias o aconsellan, habería que recorrer ao ensino semipresencial ou non presencial.

En dito caso contaríamos con dúas ferramentas principais: a aula virtual do centro (e-dixgal nos casos de 1º e 2º) e a plataforma Cisco Webex ou outra similar.

A aula virtual o e-dixgal serían utilizadas para subir os contidos teóricos e as tarefas, avaliábelas sempre, mentres que Webex sería utilizado para ter un contacto máis directo co alumnado, explicar a teoría e resolver dúbidas sobre as tarefas. De todas maneiras, hai que contar con que non todo o alumnado dispón de cámara para poder unirse ás vídeo conferencias, polo que a ferramenta principal sería aula virtual e e-dixgal.

### **4- Avaliación:**

No caso de atoparnos nunha situación de ensino non presencial, e dado que poderíamos contar coas ferramentas antes sinaladas, manteríamos o sistema de avaliación explicado no punto 7 desta programación en canto a criterios de cualificación, se ben hai que precisar que:

1- Os exames serían feitos por vídeo conferencia sempre e cando todo o alumnado dispuxese da posibilidade de conectarse. En caso contrario, os exames serían subidos a aula virtual cun tempo máximo de realización.

2- Os estándares a examinar serían os mínimos esixibles establecidos nesta programación:

Nos casos de 2º, 3º e 4º os estándares mínimos esixibles son os que aparecen no punto 4 desta programación na columna “grao mínimo cuantitativo e cualitativo cando non é 100%”.

No caso de 1º de ESO, os estándares mínimos esixibles son os seguintes:

## Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Adaptación dos Estándares de aprendizaxe (mínimos esixibles)
<b>1º ESO Ciencias Sociais, Xeografía e Historia</b>	
B1.1. Coñecer o Sistema Solar e establecer as relacións entre os movementos da terra e a existencia das estacións e do día e da noite, e comprender a súa importancia na distribución dos climas e da Biota.	- Coñece o sistema solar e os movementos terráqueos. - Analiza e identificar un mapa. Localiza lugares ou espazos nun mapa utilizando datos de coordenadas xeográficas e obter información sobre o espazo representado a partir da lenda e da simboloxía.
B1.2. Identificar e distinguir os sistemas de representación cartográfica, en soporte analóxico e dixital, e as súas escalas	- Elabora ou reproduce mapas sinxelos iniciándose no emprego de recursos informáticos.
B1.3. Analizar e identificar o mapa, e coñecer as imaxes de satélite e os seus usos principais.	- O alumnado debe ser capaz de identificar as liñas básicas da orientación xeográfica e situar lugares no mapa mediante a lonxitude e a latitude, así como se saben descodificar información simbólica, e interpretala para describir o contido da información expresada nun mapa.
B1.4. Localizar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou imaxe de satélite, utilizando datos de coordenadas xeográficas.	- Localiza nun mapa os elementos básicos que configuran o medio físico mundial, de España e de Galicia, caracterizando os trazos que predominan nun espazo concreto.
B1.5. Localizar no mapamundi físico as principais unidades do relevo mundiais, os grandes ríos e as grandes zonas climáticas, e identificar as súas características.	- Coñece o mapa físico do mundo nos seus trazos básicos e en particular de Galicia e España
B1.6. Ter unha visión global do medio físico europeo e mundial, e das súas características xerais.	- Compara os trazos físicos máis destacados (relevo, clima, augas e elementos bioxeográficos) que configuran os grandes medios naturais do planeta, con especial referencia a Galicia, localizándoosno espazo representado e analizando exemplos das paisaxes que resultan da actividade humana.
B1.7. Ser capaz de describir as peculiaridades do medio físico europeo.	- Interpreta a paisaxe e medio natural do seu contorno e os Conxuntos Bioclimáticos, identificando os seus trazos característicos e relacionando elementos físicos, recursos e formas de asentamento rurais ou urbanos.
B1.8. Situar no mapa de Europa as unidades e os elementos principais do relevo continental.	- Transfire os coñecementos adquiridos de cara á análise e interpretación dun espazo concreto e próximo, e comprende as interaccións que nel se producen, como a especificidade da paisaxe rural galega, as formas tradicionais de construción e
B1.9. Coñecer, comparar e describir os grandes conxuntos bioclimáticos que conforman o espazo xeográfico europeo.	
B1.10. Coñecer os principais espazos naturais do noso continente.	
B1.11. Coñecer, describir e valorar a acción do ser humano sobre o ambiente e as súas consecuencias.	
B3.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles.	
B3.2. Identificar, nomear e clasificar fontes históricas, e explicar diferenzas entre	

interpretacións de fontes diversas.	asentamento ou as áreas urbanas.
B3.3. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación.	- Utiliza as convencións e unidades cronolóxicas e as nocións de evolución e cambio, aplicándoas a feitos e procesos referidos á prehistoria e historia antiga do mundo, da Península Ibérica e de Galicia. Emprega referencias temporais.
B3.4. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía).	- Realiza unha lectura comprensiva de fontes de información e comunicar a información obtida de forma correcta por escrito.
B3.5. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.	- Le de forma comprensiva diferentes fontes de información tanto arqueolóxicas como escritas, obtendo as ideas principais que conteñen e relacionándoas con outras para formar esquemas explicativos, sendo capaz de comunicalas utilizando correctamente a expresión escrita.
B3.6. Entender o proceso de hominización.	- Identifica e expón os cambios que supuxo a revolución neolítica na evolución da humanidade e valora a súa importancia e as súas consecuencias ao comparalos cos elementos que conformaron as sociedades cazadoras e recolectoras.
B3.7. Datar a Prehistoria e a Idade Antiga, e distinguir a escala temporal de etapas como estas.	- Identifica os elementos básicos que conformaron as principais sociedades depredadoras e os cambios que acompañaron a revolución neolítica, constatando as consecuencias que esta ten na evolución da humanidade partindo das Civilizacións Mesopotámicas.
B3.8. Identificar e localizar no tempo e no espazo os procesos e os acontecementos históricos máis salientables da Prehistoria e da Idade Antiga, para adquirir unha perspectiva global da súa evolución.	
B3.9. Coñecer as características da vida humana correspondentes aos dous períodos en que se divide a Prehistoria: Paleolítico e Neolítico.	
B3.10. Identificar os primeiros ritos relixiosos.	
B3.11. Coñecer algunhas características da vida humana neste período, así como o establecemento e a difusión de diferentes culturas urbanas, despois do neolítico.	